

Afala

Manuel María

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis fèble,
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ningún!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!

Dez pasos polo galego!!!

lecer
traballo
nomes
produtos
cultura
casa
escola
redes
comunicación
administración



Confederación Intersindical Galega

Dez pasos para o avance do galego

ACTUALMENTE o noso idioma corre o risco de ficar excluído como lingua habitual entre a poboación máis nova e no ámbito urbano. Esta é a demostración de que as políticas aplicadas no período autonómico actuaron de forma contraria á normalización da lingua. Como exemplo recente cabe sinalar a imposición do Decreto de Plurilingüismo, que limitou a xa escasa presenza do galego no ensino, un campo de acción imprescindible para conseguirmos a familiarización e/ou a fidelización da infancia e mocidade co galego. Fronte a estas políticas lingüísticas, úrxenos tomar a iniciativa e contribuírmos a que o noso idioma teña futuro, facermos posíbel o disfrute do privilexio de termos unha lingua milenaria e capaz de servir de canle de expresión para as necesidades da sociedade actual. Todas as persoas que queremos galego –tanto as que o falan como as que aínda non deron o paso; as que se expresan a diario en galego e as que fan uso ocasional da lingua– podemos levar adiante algunhas ou todas as iniciativas que nomeamos a continuación. Poñámonos xa a camiñar con pasos firmes para acadar a meta, que o galego viva “mil primaveras máis”.

1. A mellor **defensa da lingua** é o seu uso en todos os ámbitos, **falemos galego** na casa, nas actividades de lecer, no traballo, no consumo...
2. Falármolles no noso idioma **ás crianzas** con naturalidade é a forma de lles ensinar que o galego forma parte da vida diaria e non é unha lingua estranxeira para practicarem na escola.

3. Reparemos en que expresarnos en galego **con persoas descoñecidas**, mesmo se nos responden en castelán, cando comprobamos que nos entenden, non é mostra de desconsideración.
4. Escollamos a opción de galego no noso **móbil**, no **caixeiro** automático, nas **redes sociais**, etc.
5. Fagamos valer o dereito a que se nos dea atención en galego na comunicación **coas administracións**, tanto oralmente como por escrito.
6. É importante que levemente tamén o galego ao **traballo**. Teñamos en conta que os convenios poden e deben estar escritos en galego e contemplaren medidas para promover o uso do noso idioma na empresa. Os Comités deben velar para que as actas e as comunicacións se fagan en galego e, en xeral, interesárense polo respecto aos **dereitos lingüísticos**.
7. Se participamos en **asociacións** deportivas, culturais, veciñais, de nais e pais... propoñamos que se utilice o galego nas **actividades**, anuncios, actas, etc.
8. Anímémonos a galeguizar o **noso nome** e recuperar a forma galega dos **apelidos** que foron castelanizados. A día de hoxe, podemos doadamente **restituír a forma galega** solicitándoo no Rexistro civil.
9. Reclamemos **atención en galego** por parte das **empresas** que nos ofrecen os seus servizos e produtos, propiciando así fixar postos de traballo no País.
10. Elixamos **produtos etiquetados en galego** e contribuíremos así a un tempo á promoción do noso idioma e ao desenvolvemento da nosa economía. Igualmente, apoiemos a cultura e os **medios de comunicación que empreguen o galego**, pois só co noso interese os faremos posíbeis.